



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 6 DE OUTUBRO DE 2016**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PsdeG-PSOE

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE (incorpórase á sesión a 20:52 h)

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira do PSdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas corenta minutos do día seis de outubro de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 23 DE XUÑO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 23 de xuño de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 7 DE XULLO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 7 de xullo de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**3°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 14 DE XULLO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 14 de xullo de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**4°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 4 DE AGOSTO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 4 de agosto de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**5°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 29 DE AGOSTO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 29 de agosto de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**6°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 1 DE SETEMBRO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 1 de setembro de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**7°.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL PASE A SEGUNDA ACTIVIDADE.**

Para explicar este asunto o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, que comeza dicindo que a proposta de modificación desste Regulamento se base na ampliación da súa regulación ao persoal fixo co fin de que tamén teñan acceso ao pase a segunda actividade. Comenta que onde aparece a palabra "catalogación" refírese ao anexo de Persoal do Orzamento municipal, co cal se propón a substitución da palabra "catalogación" pola expresión "Anexo de Persoal orzamentario".

Pide a palabra a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para outorgar o voto a favor do seu grupo político xa que considera que é necesario a igualdade de todos os traballadores municipais así como a adaptación á lei en vigor do nomeado Regulamento.

Intervén a Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, trasladando o seu apoio á proposta obxecto deste punto da Orde do Día.

Toma o turno o Concelleiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, dicindo que se suman ao apoio á proposta de modificación do Regulamento municipal de pase a segunda actividade.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 09/09/2016, relativa á modificación do Regulamento municipal de pase de determinados funcionarios a segunda actividade.

Visto o informe da Secretaría Xeral de data 26/09/2016.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30/09/2016.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Modificar a redacción do Regulamento Municipal de pase de determinados

funcionarios á segunda actividade, do seguinte xeito:

Onde di:

*“MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS  
Á SEGUNDA ACTIVIDADE*

*De conformidade co Convenio asinado entre este Concello e os Sindicatos, aprobado polo Pleno en sesión de 19 de maio de 1995 e publicado no DOG do 10 de abril de 1996, nº 70, modifícase agora a súa redacción para adecualo ao recollido no artigo 71 da Lei 4/2007, e posteriormente o que sexa acordado na Catalogación de postos de traballo, para así establecer as condicións nas que determinados funcionarios terán dereito a optar a postos vacantes da segunda actividade.*

*Artigo 1.- Poderán solicitar postos da segunda actividade os funcionarios do Concello da Estrada pertencentes á Escala de Servizos Especiais, que ocupen postos de policía local ou persoal de oficios.*

*Artigo 2.- Serán destinados á segunda actividade os postos de Conserxe dos Colexios Públicos reservados a funcionarios no cadro de persoal do Concello, ou outros de Conserxe noutras dependencias xunto cos que defina o Catálogo por ser considerados idóneos para este fin.*

*(.....)*

*Artigo 5.- Os que soliciten un posto de conserxe dun Colexio Público ou naqueles postos que a Catalogación defina propios para o desempeño dos mesmos, coa excepcionalidade dos que xa están agora ocupados presentarán un certificado médico no que se faga constar que non padecen enfermidade infecto-contaxiosa algunha.*

*(....)*

*Artigo 9.- Cando quede vacante unha praza das asignadas a segunda actividade o Concello a sacará a concurso, primeiro entre os funcionarios da mesma categoría e despois entre os que reúnan os requisitos para optar a segunda actividade. De non cubrirse o Concello incluíraa na oferta de emprego e sacaraa a oposición libre.*

*Artigo 10.- Cando non exista vacante nas prazas que poden cubrirse mediante a segunda actividade e se produza o caso dun funcionario da policía local ou operario que teña diminuída a súa capacidade física para realizar as funcións propias do seu cargo, pero conserven as requiridas para outras funcións, a Alcaldía poderá, mediante a correspondente resolución, adscribilo a outras funcións ou a postos de traballo máis axeitados a ser posible dentro do Corpo e sen alteración do réxime retributivo.*

*Artigo 11.- As baixas que se produzan no corpo, como consecuencia do pase dun funcionario a segunda actividade, consideraranse como prazas vacantes e proveranse na forma legalmente establecida. “*

Pasará a dicir:

*“MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS  
E PERSOAL LABORAL FIXO Á SEGUNDA ACTIVIDADE*

*De conformidade co Convenio asinado entre este Concello e os Sindicatos, aprobado polo Pleno en sesión de 19 de maio de 1995 e publicado no DOG do 10 de abril de 1996, nº 70, modifícase agora a súa redacción para adecualo ao recollido no artigo 71 da Lei 4/2007, e posteriormente o que sexa acordado na Catalogación de postos de traballo e/ou na **Relación de Postos de Traballo**, para así establecer as condicións nas que determinados funcionarios e **persoal laboral fixo** terán dereito a optar a postos vacantes da segunda actividade.*

*Artigo 1.- Poderán solicitar postos da segunda actividade os funcionarios do Concello da Estrada*

*pertencentes á Escala de Servizos Especiais, que ocupen postos de policía local ou persoal de oficios e o persoal laboral fixo que desenvolva funcións que requiran esforzo físico (limpadoras, protección civil, etc.)*

*Artigo 2.- Serán destinados á segunda actividade os postos de Conserxe dos Colexios Públicos reservados a funcionarios e persoal laboral fixo (segundo o caso) no cadro de persoal do Concello, ou outros de Conserxe noutras dependencias xunto cos que defina o Catálogo ou a Relación de Postos de Traballo por ser considerados idóneos para este fin.*

*(.....)*

*Artigo 5.- Os que soliciten un posto de conserxe dun Colexio Público ou naqueles postos que a Catalogación ou a Relación de Postos de Traballo defina propios para o desempeño dos mesmos, coa excepcionalidade dos que xa están agora ocupados presentarán un certificado médico no que se faga constar que non padecen enfermidade infecto-contaxiosa algunha.*

*(....)*

*Artigo 9.- Cando quede vacante unha praza das asignadas a segunda actividade o Concello a sacará a concurso, primeiro entre os funcionarios ou persoal laboral fixo (segundo corresponda) da mesma categoría e despois entre os que reúnan os requisitos para optar a segunda actividade. De non cubrirse o Concello incluíraa na oferta de emprego e sacaraa a oposición libre.*

*Artigo 10.- Cando non exista vacante nas prazas que poden cubrirse mediante a segunda actividade e se produza o caso dun funcionario da policía local, operario ou persoal laboral fixo que teña diminuída a súa capacidade física para realizar as funcións propias do seu cargo, pero conserven as requiridas para outras funcións, a Alcaldía poderá, mediante a correspondente resolución, adscribilo a outras funcións ou a postos de traballo máis axeitados a ser posible dentro do Corpo e sen alteración do réxime retributivo.*

*Artigo 11.- As baixas que se produzan no Servizo, como consecuencia do pase dun funcionario ou persoal laboral fixo a segunda actividade, consideraranse como prazas vacantes e proveranse na forma legalmente establecida. “*

No restante manterase a redacción actual do Regulamento obxecto da presente proposta..

**Segundo.-** Publicar o anuncio do correspondente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partires do seguinte á publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín Oficial da Provincial o texto íntegro do Regulamento modificado.

#### **8º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á APROBACIÓN DE DESLINDE DO NOVO CAMPO DA FESTA DE GUIMAREI (A CRUZ).**

En calidade de Concelleiro delegado de Medio Rural, **D. Juan Constenla** explica que o último trámite para proceder ao deslinde dun terreo colindante cunha persoa privada, previos os informes técnicos pertinentes, se procedou a someter o expediente a ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, sendo este favorable, polo que se somete á aprobación por acordo plenario para proceder sobre o terreo a efectuar cos traballos e trámites necesarios para efectuar o deslinde do terreo para destinalo ao novo campo da festa de Guimarei.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Urbanismo de data 02/09/2016, en relación co asunto de referencia.

Vista a documentación que consta no expediente de deslinde administrativo practicado no Campo da Festa de Guimarei (A Cruz).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión do 30/09/2016.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar as operacións técnicas de apeo e amolloamento definitivo realizadas o día 27/11/2014 no Campo da Festa de Guimarei, A Cruz, e repetidas en data 19/05/2016, constituíntes do deslinde administrativo do significado ben demanial municipal, residenciado no inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio ( así determinado polo acordo plenario de data 07/08/2014 ).

As amentadas operacións reflíctense na definitiva información técnica asinada polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal en data 11/07/2016.

**Segundo.-** Notificar individual/nominalmente aos propietarios colindantes e interesados afectados, para coñecemento e efectos:

- D. Manuel Mosteiro Dono ( Rúa Marín, nº 7, A Estrada ).
- Dna. Josefina Verde Randulfe ( A Cruz, 21 – Guimarei, A Estrada ).
- D. Manuel Ríos Sueiro ( A Cruz, 21 – Baixo, Guimarei, A Estrada ).
- Dna. María Otilia Pájaro González ( A Cruz, 19 – Guimarei, A Estrada).
- Dna. Ana Puente Barreiro, en representación da AAVV Sta. Apolonia ( A Portela, nº 7 - Guimarei, A Estrada ).
- D. Ramiro Barreiro Costa ( Cardavella, 16 – Guimarei, A Estrada ).
- D. Laurentino Barreiro Costa ( Cardavella, 16 – Guimarei, A Estrada ).

**Terceiro.-** Dar traslado deste acordo á Oficina Técnica Municipal, para coñecemento e efectos.

(Incorpórase á sesión a Concelleira do PsdeG-PSOE, Dna. Montserrat Maceiras Vicente)

### **9º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA, A INSTANCIA DO GRUPO MÓVETE, EN RELACIÓN Á INDEMNIZACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLOS XABARÍNS E PREDADORES NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.**

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra á voceira do grupo MÓVETE, Sra. Mar Blanco, para explicar este punto, xa que se trata dunha moción conxunta que ten como orixe unha moción prestando polo seu grupo político.

Toma a palabra **Dna. Mar Blanco** para agradecer, en primeiro lugar, a

colaboración e apoio de todos os grupos políticos municipais a esta moción, convertíndoa nunha conxunta procedente da inicial presentada por MÓVETE e que xurde dos danos cada vez máis comúns producidos polos xabaríns ou lobos nas explotacións agrarias e gandeiras do noso Concello e que os mesmos non son sempre indemnizados na súa totalidade pola administración competente, de feito as contías establecidas para estas indemnizacións son insuficientes para cubrir os estragos producidos polas nomeadas especies, polo que considera importante instar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para garantir as indemnizacións que cubran a totalidade dos danos causados, simplificando e axilizando o procedo administrativo para o acceso ás mesmas, así como traballar man a man cos afectados para levar a cabo estratexias dirixidas á prevención deste tipo de danos.

Intervén o Concelleiro **D. Juan M. Constenla Carbón** para dar lectura á Moción conxunta redactada a partires da moción de MÓVETE:

*"Dun tempo a esta parte os agricultores e gandeiros do noso concello, están a sufrir os ataques nos seus cultivos e na gandería por parte da fauna salvaxe que habitan nos seus montes, causando danos nos cultivos e na cabana, neste momento tan crítico que esta a pasar o sector.*

*Coa finalidade de compensar os danos ocasionados nos cultivos agrícolas polo xabarín e nas explotacións gandeiras polo lobo, o Goberno galego ten establecidas liñas de axuda para paliar os danos ocasionados polo lobo e o xabarín, e outra liña de axudas de métodos de prevención.*

*As cuantías establecidas para facer fronte ás indemnizacións por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, non son suficientes para paliar os danos causados por estas especies, e a súa convocatoria non sempre permite entregar a solicitude en prazo,*

*Polo que, o Pleno do Excmo. Concello da Estrada, insta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a:*

*- Incrementar a contía das liñas de axuda para paliar os danos ocasionados polo lobo e o xabarín, así como a liña de axudas para a implementación de métodos de prevención.*

*- Creación de protocolos de actuación en colaboración co sector agro-gandeiro e as sociedades cinexéticas, para a implantación de medidas específicas de cara a manter un equilibrio entre as poboacións de fauna salvaxe que deben ser protexidas e os intereses do sector agro-gandeiro, co obxectivo de minimizar no posible as consecuencias destes actos de predación..*

*- Establecemento de medidas tendentes a paliar os danos producidos polas fauna salvaxe, establecendo un diálogo permanente entre os sectores implicados (o sector agrogandeiro, sindicatos agrarios, as sociedades de cazadores, as administracións competentes en materias de estradas e outros departamentos da Xunta de Galicia en materia agrogandeira), como garante de que se adopten medidas que sexan o máis eficaces posibles, dentro do mantemento de poboacións estables destas especies tan necesarias para garantir o equilibrio ecolóxico no noso entorno.*

*- Creación de sistema de acceso as axudas compensatorias, en colaboración cos distintos sectores implicados e aberta a calquera achega das organizacións máis representativas do sector agrogandeiro, para conseguir que os posibles beneficiarios poidan acceder a estas axudas dun xeito o máis sinxelo posible, pero sempre dentro dos procedementos administrativos preceptivos (solicitude, comprobación efectiva dos danos causados, procedemento de valoración dos mesmos, xustificación dos investimentos realizados, etc.), que garante o cumprimento da normativa en materia de subvencións.*

*- Posta en marcha dun Plan de Xestión Integral do xabarin e do lobo, establécendo diferentes liñas a aplicar a curto, medio e longo prazo, a formación e establecemento de medidas de prevención, etc., para conseguir apaliar os danos producidos por estas especies, xa non so no ámbito gandeiros senón tamén na circulación viaria."*

Pide a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para dicir que, para non dar lugar a equívocos, no punto dous debe de poñerse "Asociacións conservacionistas" para non deixar fóra deste tema ás asociacións ecoloxistas e, no último punto, considera que debería estar redactado mediante a inclusión de

"posta en marcha dun plan de xestión integral do xabarán e do lobo, establecendo diferentes liñas a aplicar, tanto a curto, medio e longo prazo, que teñan como finalidade compatibilizar a conservación das especies coa indemnización dos danos producidos por estas nos distintos ámbitos que se producen", deste xeito evítase que se diga que o Concello da Estrada está a favor da eliminación das especies.

Intervén a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao** dicindo que están de acordo coa redacción da Moción conxunta pero quere recordar que esta preocupación non é nova, senón que se trata dun problema de fai anos que se vai incrementando no tempo, polo que o seu grupo apoia aos gandeiros estradenses para buscar solucións a esta problemática. Di que, a peseres da sensibilidade manifestada polo Concello, tamén é certo que os estradenses afectados están fartos de palabras polo que, mediante esta Moción, hai que esixir á Xunta de Galicia cumpra dunha vez por todas cos nosos veciños e así estar satisfeitos de que son resarcidos dos danos producidos de forma eficaz e inmediata, xa que na actualidade as indemnizacións se producen tardiamente e mal, e así establecer medidas que fagan unha axeitada convivencia entre os humanos e os animais en liberdade protexendo as producións dos nosos veciños. Ante o anterior di que, dunha vez por todas, hai que tomar medidas serias ante os estragos que producen os depredadores nas explotacións agro-gandeiras, vivendas particulares e, incluso, aos ataques contra animais domésticos.

O **Sr. Magariños** intervén novamente para dicir que espera que non quede en palabras fermosas por parte deste Concello e da Xunta de Galicia, como ten pasado en anteriores ocasións, senón que se tome en serio e que os dannificados non teñan que esperar máis de dous anos en cobrar as indemnizacións cando o lobo ou os xabaríns lles arrasa co 75% das súas plantacións ou animais domésticos, como ovellas ou poldros. Ademais considera que debemos de manter todos a vida salvaxe e non mantela so a costa dos nosos gandeiros/as.

O **Sr. Alcalde** supoñe que se segue mantendo a unanimidade nesta Moción, incluíndo esas modificacións suxeridas polo Sr. Magariños.

O **Sr. Juan M. Constenla** fai un resumo de como quedaría redactada a Moción conxunta tendo en conta as modificacións propostas polo voceiro do BNG, así o punto terceiro quedaría redactado do seguinte xeito:

*"Establecemento de medidas tendentes a paliar os danos producidos polas especies salvaxes, establecendo un diálogo permanente entre os sectores implicados (o sector agrogandeiro, sindicatos agrarios, as sociedades de cazadores, as administracións competentes en materias de estradas e outros departamentos da Xunta de Galicia en materia agrogandeira, etc), como garante de que se adopten medidas que sexan o máis eficaces posibles, dentro do mantemento de poboacións estables destas especies tan necesarias para garantir o equilibrio ecolóxico no noso entorno."*

O último punto quedaría redactado:

*"Posta en marcha dun Plan de Xestión Integral do xabarán e do lobo, establecendo diferentes liñas a aplicar a curto, medio e longo prazo, que teña como finalidade compatibilizar a conservación das especies coa diminución dos danos producidos por esta especie nos distintos ámbitos que se producen."*

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo municipal de MÓVETE con data 19/09/2016 (RE nº 11654).

Visto o acadado na Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, na sesión do 30/09/2016.



Vista a Moción conxunta de todos os grupos políticos integrantes do Pleno do Concello da Estrada, a instancia do grupo MÓVETE, relativa a paliar os danos causados polo xabarín e predadores nas explotacións agro-gandeiras, e implantación de medidas de control destas especies que se transcribe de seguido:

*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*D un tempo a esta parte os agricultores e gandeiros do noso concello, están a sufrir os ataques nos seus cultivos e na gandería por parte de especies silvestres que habitan nos montes, causando danos nos cultivos e na cabana, neste momento tan crítico que esta a pasar o sector:*

*Coa finalidade de compensar os danos ocasionados nos cultivos agrícolas polo xabaril e nas explotacións gandeiras polo lobo, o Goberno galego ten establecidas liñas de axuda para paliar os danos ocasionados polo lobo e o xabarín, e outra liña de axudas de métodos de prevención.*

*As cuantías establecidas para facer fronte ás indemnizacións por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, non son suficientes para paliar os danos causados por estas especies, e a súa convocatoria non sempre permite entregar a solicitude en prazo,*

*Polo que, o Pleno do Excmo. Concello da Estrada, insta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a:*

*- Incrementar a contía das liñas de axuda liñas de para paliar os danos ocasionados polo lobo e o xabarín, así como a liña de axudas para a implementación de métodos de prevención.*

*- Creación de protocolos de actuación en colaboración co sector agro-gandeiro e as sociedades cinexéticas, para a implantación de medidas específicas de cara a manter un equilibrio entre as poboacións de fauna salvaxe que deben ser protexidas e os intereses do sector agro-gandeiro, co obxectivo de minimizar no posible as consecuencias destes actos de predación.*

*- Establecemento de medidas tendentes a paliar os danos producidos polas fauna salvaxe, establecendo un dialogo permanente entre os sectores implicados (o sector agrogandeiro, sindicatos agrarios, as sociedades de cazadores, as administracións competentes en materias de estradas e outros departamentos da Xunta de Galicia en materia agrogandeira, etc), como garante de que se adopten medidas que sexan o máis eficaces posibles, dentro do mantemento de poboacións estables destas especies tan necesarias para garantir o equilibrio ecolóxico no noso entorno.*

*- Creación de sistema de acceso as axudas compensatorias, en colaboración cos distintos sectores implicados e aberta a calquera achega das organizacións máis representativas do sector agrogandeiro, para conseguir que os posibles beneficiarios poidan acceder a estas axudas de un xeito o máis sinxelo posible, pero sempre dentro dos procedementos administrativos preceptivos (solicitude, comprobación efectiva dos danos causados, procedemento de valoración dos mesmos, xustificación dos investimentos realizados, etc.), que garante o cumprimento da normativa en materia de subvencións.*

*- Posta en marcha un Plan de Xestión Integral do xabaril e do lobo, establécendo diferentes liñas a aplicar a curto, medio e longo prazo, que teña como finalidade compatibilizar a conservación das especies coa diminución dos danos producidos por esta especie nos distintos ámbitos que se producen.”*

**ACORDAMOS:**

Instar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a:

- Incrementar a contía das liñas de axuda liñas de para paliar os danos ocasionados polo lobo e o xabarín, así como a liña de axudas para a implementación de métodos de prevención.
- Creación de protocolos de actuación en colaboración co sector agro-gandeiro e as sociedades cinexéticas, para a implantación de medidas específicas de cara a manter un equilibrio entre as poboacións de fauna salvaxe que deben ser protexidas e os intereses do sector agro-gandeiro, co obxectivo de minimizar no posible as consecuencias destes actos de predación.
- Establecemento de medidas tendentes a paliar os danos producidos polas especies salvaxes, establecendo un diálogo permanente entre os sectores implicados (o sector agrogandeiro, sindicatos agrarios, as sociedades de cazadores, as administracións competentes en materias de estradas e outros departamentos da Xunta de Galicia en

materia agrogandeira, etc), como garante de que se adopten medidas que sexan o máis eficaces posibles, dentro do mantemento de poboacións estables destas especies tan necesarias para garantir o equilibrio ecolóxico no noso entorno.

- Creación de sistema de acceso as axudas compensatorias, en colaboración cos distintos sectores implicados e aberta a calquera achega das organizacións máis representativas do sector agrogandeiro, para conseguir que os posibles beneficiarios poidan acceder a estas axudas de un xeito o máis sinxelo posible, pero sempre dentro dos procedementos administrativos preceptivos (solicitud, comprobación efectiva dos danos causados, procedemento de valoración dos mesmos, xustificación dos investimentos realizados, etc.), que garante o cumprimento da normativa en materia de subvencións.
- Posta en marcha un Plan de Xestión Integral do xabarán e do lobo, establecendo diferentes liñas a aplicar a curto, medio e longo prazo, que teña como finalidade compatibilizar a conservación das especies coa diminución dos danos producidos por esta especie nos distintos ámbitos que se producen.

**10º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á MOCIÓN DO PsdeG-PSOE SOBRE A IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS SOLUCIONADORAS DO DEFICIENTE FUNCIONAMENTO DA MICRO-DEPURADORA DE SABUCEDO.**

Para explicar este asunto o Sr. Alcalde outorga a palabra á voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, quen comeza a súa intervención dicindo que esta moción, ditaminada favorablemente na respetiva Comisión Informativa, fai referencia á situación na que se atopa o saneamento da parroquia de Codeseda. Continúa recordando que se trata dunha rede de saneamento levada pola Xunta de Galicia e que, dende o seu inicio, se caracteriza polo seu mal funcionamento, de feito en varias ocasións detectáronse verquidos que os propios veciños denunciaron, polo que entende que xa é hora de que a Xunta de Galicia tome en consideración este problema e busque unha solución definitiva ao mesmo. Polo anterior pide que se adopte un acordo conxunto para instar á Xunta de Galicia para a inmediata execución de medidas que eviten os verquidos e o mal funcionamento da microdepuradora de Sabucedo, elaborando un plan corrector para solucionar o deficiente funcionamento do sistema de depuración de augas residuais da conducción do saneamento na dita parroquia.

A Sra. Louzao di que é consciente que para efectuar estes traballos é necesaria unha dotación e unha obra de calado, polo que pide que se inclúa nos presupostos da Xunta de Galicia, por ese se trae esta moción para trasladar a problemática á Xunta e dunha vez por todas se dea solución a esta demanda de fai anos e se poña solución a esta situación.

Toma a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para dicir que se alegra de que se tome conciencia da necesidade de arranxar as micro-depuradoras do concello, empezando pola de Sabucedo. Di que en días pasados se lles transmitía por parte do Concelleiro do Rural e Medio Ambiente que se está a elaborar un plan director tendende a solucionar os problemas existentes neste tema, polo que espera que este sexa un camiño curto para que nun prazo breve se teña funcionando unha rede de pluviais adecuada e eficaz.

Intervén o Concelleiro **D. Juan M. Constenla** dicindo que o grupo de goberno leva tempo con este tema. Explica que a depuradora de Sabucedo se construíu no 2009 ou 2010 para o cal o goberno puxo a disposición os terreos necesarios, posteriormente se quixo traspasar a xestión da mesma, e xa se observou polos técnicos que presentaba problemas e non tiña tramitada a autorización de verquidos ante Augas de Galicia, ademais de non estar sita nunha zona axeitada. A pesares do anterior di que as analíticas están dentro dos parámetros establecidos para este tipo de depuradoras.

Por outra banda, o Sr. Constenla manifesta que se fixeron diversas propostas a Augas de Galicia fai tempo en relación cos defectos da mencionada depuradora, entre elas a substitución da arqueta de desvaste, xa que a existente na actualidade acumula moito lixo orixinando verquidos; por outra banda, ao

estar ao carón dun regato, cando existe algunha deficiencia se producen verquidos que van directamente ao mesmo; etc., polo que se solicita a Augas de Galicia solucións a estes problemas.

Finalmente di que quere deixar claro que non se trata dun tema que se ten esquecido nun caixón, senón que se está a loitar dende o ano 2013.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 27/09/2016 (RE nº 11983), en relación á solicitude de implementación dunha solución para a microdepuradora de Sabucedo.

Visto o acadado na Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, na sesión do 30/09/2016.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Solicitar á Xunta de Galicia a inmediata execución de medidas que eviten as verteduras e o mal funcionamento da microdepuradora actual.

**Segundo.-** Elaboración dun plan corrector para solucionar o deficiente funcionamento do sistema de depuración de augas residuais da conducción do saneamento na parroquia de Sabucedo.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo á Xunta de Galicia..

**11º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE AGOSTO DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 694/2016 ao nº 792/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

\*\*\*\*\*

### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Antes de de tratar o punto de Rogos e Preguntas e ante a pregunta do Sr. Alcalde sobre se hai algunha moción de urxencia para a súa inclusión fóra da Orde do Día, pedindo a palabra a voceira do PsdeG-PSOE, Dña. Belén Louzao.

**A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLUCITUDE Á XUNTA DE GALICIA PARA A INSPECCIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS POLA EMPRESA CONTRATADA PARA O ACONDICIONAMENTO DE PREDIOS CON MOTIVO DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DO "VAL DE VEA 2".**

A **Sra. Belén Louzao** expón unha moción "in voce" en relación co expediente da parcelaria de "Val do Vea 2". Neste tema manifesta que os veciños de San Xurxo de Vea e arredores viron como unha empresa contratada pola Xunta de Galicia estivo nos seus predios para facer as entradas ás parcelas co galle de ter acceso ás mesmas, sen embargo ditos veciños non quedaron satisfeitos con estes traballos a pesares das demandas feitas polos mesmos á Xunta de Galicia.

Polo anterior, o seu grupo político trae por urxencia a necesidade de instar á Xunta de Galicia para que mande aos seus técnicos e comprobe o estado deses traballos e arranxe este problema, dando contestación ás demandas veciñais.

Intervén o **Sr. Alcalde** para comentar que é consciente da existencia de comentarios sobre este problema, polo que o seu grupo de goberno se puxo en contacto coa empresa encargada de facer estes traballos, constándolle que tanto empregados de SEAGA como da dita empresa se persoaron naquelas fincas nas que se plantexaron problemas de forma inmediata; aclara que algunha persoas pidiron que se limparan as cunetas, se arranxaran algunhas pistas deterioradas e outras estaban esperando que se puxeran tubos cando todo o mundo sabe que os tubos deben ser aportados polos propios propietarios, xa que a empresa so fará os traballos de excavación; aínda así considera que houbo unha pronta resposta ás demandas, sen esquecer que dende o Concello se fixo un bo seguimento dos traballos de acondicionamento dos predios afectados polo expediente "Val de Vea 2", non discutindo que poida haber aspectos obxecto de melloras, pero recorda que o expediente aínda non está rematado e existen fondos libres para facer algunha actuación máis. Sen embargo di que si a moción vai en termos de instar á Xunta de Galicia para que mande aos seus técnicos co fin de revisar os traballos realizados polas empresas adxudicatarias e solucionar aqueles problemas ocasionados polo mal funcionamento das mesmas e as fincas queden na mellor situación posible, está de acordo en votar a favor da urxencia e do acordo, pero reitera que o Concello está a facer un seguimento deste expediente como doutros similares.

Sometida a urxencia deste asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Volve a tomar a palabra a Concelleira **Dna. Belén Louzao** manifestando que o acordo que debe aprobarse aquí é que se fiscalice e revise que os traballos realizados pola empresa contratada se axustan ao pactado cos veciños, sobre todo no relativo ao mal estado que quedaron os accesos aos predios ou fincas (cordóns de terra que quedaron ás beiras dos camiños, entre outros).

O **Sr. Alcalde** di que non está de máis instar á Xunta de Galicia para que repare ditos acondicionamentos de acceso ás fincas con motivo do expediente de concentración parcelaria, sen embargo di que a Xunta de Galicia, polos recursos limitados dos que dispón, están a facer traballos de acceso a ditos predios dunha maneira sinxela, pero, a pesares diso, é bo instar á Xunta para que fiscalice os traballos realizados pola empresa adxudicataria ou das empresas que esta poida haber subcontratada para saber se son adecuadas e se axustan ás demandas dos veciños.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia para que proceda á fiscalización os traballos realizados pola empresa contratada para o acondicionamento dos predios con motivo do expediente de concentración parcelaria "Val do Vea 2" procedendo á reparación das deficiencias existentes e dar resposta ás demandas dos veciños afectados.

## 12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Inicia este punto a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, preguntando sobre como quedou a idea de solucionar os problemas de iluminación das zonas deportiva e da Avda da Cultura, tema tratado en varias sesións plenarias anteriores e sen embargo segue existindo moitas deficiencias. Ante o anterior, ademais de saber que pasar con ese proxecto de iluminación, pide que se solucione esas deficiencias.

Contesta o **Sr. Alcalde** que neste tema existen problemas como a constante caída de tensión (motivo de que todas as instalacións deportivas están conectadas a un único contador) provocando cortes de luz, pero non lle consta que sexa algo habitual. No que respecta á iluminación da zona deportiva di que é certo que é mellorable, de feito (a proposta do Sr. Magariños) repúxose algún punto de iluminación, como, por exemplo, detrás do campo "Manuel Regueiro" e nalgunha zona

da Avda da Cultura, sen embargo considera que é necesaria incrementar a cantidade da potencia lumínica nesta zona, pero este ano é difícil acometer este gasto por falta de consignación orzamentaria, pero é un dos obxectivos para o próximo ano. Tamén informa que, con motivo de que as lámparas tradicionais se deixaron de fabricar, se está a levar un proxecto de cambio das luminarias por lámparas LED (o que xa se fixo nun tramo da rúa Irida), pero se trata dun proxecto que levará tempo e necesita previa planificación, porque tamén afecta ao alumado público no rural.

Recórdarlle a **Sra. Belén Louzao** as súas manifestacións en tempo pasado sobre que as actuacións en aforro enerxético non tiñan saída algunha, de feito cando comezou a gobernar o primeiro que fixo foi o corte de alumado público en diversas zonas do rural en vez de levar a cabo un plan de aforro enerxético, polo que cré que se daquela se levara a cabo ese tipo de plan agora estaría todo máis avanzados e actualizado.

Continúa no seu turno trasladando un aviso sobre algunhas persoas que se sentiron incómodas practicando deporte en horario de mañán nesa zona pola presenza de vehículos que dan lugar a situacións nada cómodas, polo que pide que a Policía Local pase por dita zona a primeiras horas da mañán.

O **Sr. Alcalde** dí que axentes da Policía Local soen pasar polas mañáns todos os días para controlar o acceso dos alumnos aos centros educativos, aclarando que ás nove da mañán están efectivos 4 o 5 axentes de policía, estando ubicados en puntos de acceso aos centros escolares, quedando bastante limitados os traballos de vixilancia, pero, na medida do posible, cando están fóra dese horario se lles pide que fagan un control en distintos puntos do casco urbano.

A **Sra. Belén Louzao** aclara que se estaba a refirir a persoas que fan deporte ás oito da mañán, sobre todo de rapazas que facían deporte sobre esta hora e que se sentiron incómodas pola presenza do mesmo vehículo en distintos puntos da zona deportivo-cultural.

Traslada unha pregunta dos veciños sobre cando comezarán as obras de arranxo do abastecemento de auga do Edificio das Palmeiras, xa que, aínda que sabe que a obra foi adxudicada, quere saber o inicio das obras.

Resposta o **Sr. Alcalde** que efectivamente estas obras están adxudicadas e que comprenden varios tramos, pero o novo proceso que establece a Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o cal unha vez feito o replanteo e 15 días antes do inicio das obras hai que comunicarlle aos técnicos designados pola Deputación para que fagan un control das obras, trámite que xa se fixo e se está pendente da resolución definitiva deses técnicos para proceder ao inicio desas obras; se intentará, dentro das posibilidades, comezar os traballos dentro da semana que ven.

Dí a **Sra. Louzao** que, como sempre, se está ante promesa incumpridas e prazos que non se cumpren. Polo que pide dilixencia e eficiencia para dar resposta á preocupación dos veciños.

Pregunta tamén sobre o que pasa co traslado de Protección Civil e o que vai a pasar coa Extensión Agraria, se se traslada tamén ou queda compartindo instalacións con Protección Civil.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se ten previsto facer o traslado na primeira semana do mes de novembro da base de Protección Civil, Emerxencias e Incendios. Con respecto á Extensión Agraria, di que existe enriba da mesa un Convenio coa Consellería de Medio Rural polo que este Concello ten que cederlle unhas instalacións de aproximadamente 120 o 130 metros cadrados para trasladala ao casco urbán e, nestes momentos, se está a valorar varias ubicacións, entre elas un local no novo Mercado, e se verá nas próximas semanas se se pode chegar a un acordo coa Medio Rural para a reubicación da oficina da Extensión Agraria.

Finalmente, a **Sra. Belén Louzao** formula a pregunta sobre se hai algunha actuación prevista para solucionar o problema dos verquidos fecais existentes en torno á zona onde está ubicado o Supermercado DIA e a antiga Sala de Festas

LENNON.

O **Sr. Alcalde** responde que se trata dun problema grave e conflitivo por varios motivos, o primeiro é o tramo que vai dende a arqueta existente á altura do dito supermercado á rotonda das Colonias, tramo que cada 15 días é obxecto de limpeza polos operarios municipais; o segundo problema é a cantidade de auga que chega a esa zona cando non debería de ser así, provocada quizais por filtracións ou conexións indebidas á rede de saneamento; e, o terceiro punto conflitivo sería a situación existente na Avda de Pontevedra en materia de conexión de vivendas a rede de augas e saneamento, problema moi grave e difícil de detectar de xeito inmediato, incluso teríase que levantar a totalidade da rede, sendo unha obra considerable e difícil de executar, sen embargo, se está a estudar e a solucionar de maneira momentánea, de feito cada certo tempo unha brigada municipal se achega aos puntos problemáticos para aliviar o problema; a pesares desas dificultades, se intentará arranxar na medida do posible.

Inicia o seu turno a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, reiterando a súa solicitude de convocar unha Comisión Informativa para tratar a situación actual do Polígono Setorial do Moble e para saber o que o grupo de goberno pretende facer. Con respecto a este tema di que fai unhas semanas se enterou pola prensa que se contratou un estudo para facer unha adaptación do proxecto Cidade do Moble, polo que lle gustaría saber o custe dese estudo, o que se pretende co mesmo, coñecer se efectivamente existe unha demanda de novas empresas para ubicarse neste suposto Polígono e cantos cartos se leva gastado dende que se empezou a falar do proxecto Cidade do Moble; ademais pregunta canto se prevé que costaría dito Polígono na primeira fase, porque hai que saber se son viables os proxectos plantexados, recordando que no ano 2006 se prevía que a primeira fase costaría trinta e tres millóns e medio de euros, o cal deixaba constancia da súa inviabilidade, ademais do impacto medio-ambiental que suporía.

Contesta o **Sr. Alcalde** que impacto medio-ambiental ningún, xa que pasou todos os filtros que neste aspectos son necesarios, de feito unha Asociación puxo unha demanda con respecto a este tema e a Sentenza foi favorable ao proxecto ao comprobar que se cumpría con toda a tramitación administrativa e medio-ambiental.

En canto ao custo do proxecto, no primeiro momento se falaba dun valor de trinta e tres millóns e medio de euros porque se refiría a un proxecto cunha única fase. Por outra banda, no que se refire á cantidade que se leva invertido ata agora, di que a día de hoxe o Concello da Estrada non gastou nada na Cidade do Moble, xa que é o Instituto da Vivenda e Solo quen leva a tramitación, polo que habería que preguntarlle a ese organismo.

En canto ás noticias saídas estes últimos días na prensa, afirma que existe unha modificación ao proxecto xa aprobada definitivamente e provinte dunha Sentenza firme e, polo tanto, a día de hoxe o Plan Parcial da Cidade do Moble cumpre coa legalidade. Na actualidade se está a planificar a execución do proxecto por fases, sendo unha posibilidade para a primeira fase a iniciativa privada, é dicir, un proceso de cooperación onde os empresarios se porían de acordo para iniciar esa primeira fase urbanística dese proxecto correndo cos custos. Aclara que o proxecto está previsto no PXOM, pero serán os propios empresarios os que valoren a viabilidade de levar a cabo o mesmo decidindo o desenvolvemento dun solo industrial. Outra posibilidade é que a Xunta de Galicia considere facelo por iniciativa pública.

Ante o anterior a **Sra. Mar Blanco** pregunta se se encargou por parte do Concello a realización dun estudo de adaptación.

Resposta o **Sr. Alcalde** que non, xa que o Concello non ten competencia para elo xa que se trata dun proxecto setorial e, polo tanto, está dentro do ámbito autonómico. O Concello o único que fixo foi recibir o proxecto e incluílo no Plan Xeral.

Continúa coa súa intervención **Dna. Mar Blanco** para formulador varios rogos. En primeiro lugar prega que se incremente o servizo de limpeza no recinto da Praza

da Feira, especialmente na zona onde se ubican os pulpeiros, debido a gran cantidade de lixo que se acumula os días de feira e tamén por causa do "botellón", situación empeorada en inverno pola caída das follas; polo anterior, solicita que se manteña limpa a zona indo a limpar ben os martes ou ben os mércores pola tarde o xoves pola mañán. En segundo lugar cré que sería positivo facer un enganche de luz na zona dos pulpeiros. Un terceiro rogo é que se poña un punto de luz na zona onde está situado o Punto Limpo, concretamente onde está a compactadora de lixo, ademais da necesidade doutro punto de luz e conexión de auga nesa zona, rogo que xa se se espuxo noutra sesión plenaria pero non sabe se se fixo ou non.

O **Sr. Alcalde** di que eses rogos se lles contestará por escrito.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Magariños**, quen inicia a súa intervención trasladando varios rogos. O primeiro é que o Concello faga as xestións oportunas para levantar o tramo de asfalto existente na ponte romana de Veá, xa que a ponte está empedrada e deste xeito gañaría en visualización e presenza. O segundo é que se reparen unhas goteiras no Colexio de Codeseda.

Tamén lle gustaría saber como está o tema de acondicionamento dun camiño sito no lugar de O Topete da parroquia de Ouzande, o cal está nunha situación pouco adecuada e, debido a un conflito cun veciño e a pesares de ser un camiño público, non se pode arranxar.

Traslada varios rogos dos veciños de Orazo para que se limpen as cunetas dos lugares de Currelo e Vilanova; que se requira á Consellería pertinente para que se proceda á limpeza da estrada que vai dende A Rocha (a ponte que cruza a autopista) a Orazo; que se arranxe unha parede que corre perigo de derrube e que está no medio dunhas casas no lugar de Currelo.

Outro rogo é que se proceda á poda dunhas árbores que están sobre a estrada en Souto de Veá e que corren perigos de caer sobre a mesma, polo que se debería instar á Consellería para a súa retirada.

A continuación formulada una pregunta sobre como vai o tema do parque canino, porque a pesares de haber sido a aprobada a moción noutra sesión plenaria non se ha executado.

O **Sr. Alcalde** contesta á anterior pregunta en que se trata dun tema que vai dentro da estratexia EDUSI e espera que se poda executar nun tempo razoable, ao igual que outros proxectos incluídos dentro da dita estratexia, para o que pide a colaboración de todos os grupos políticos para a efectividade das liñas incuídas dentro da mesma.

O **Sr. Magariños** pide que no desenvolvemento da amentada estratexia se teña en conta a moción do seu grupo político en relación á mellora da mobilidade da rúa da Cultura incluíndose dentro da EDUSI.

Contesta o **Sr. Alcalde** que un dos obxectivos desa estratexia é a mellora da mobilidade urbana, reiterando a súa invitación para que todos os grupos da oposición participen na elaboración de proxectos dentro da estratexia e que permitan transformar urbanisticamente o concello, debendo ir na liña de proxectos sociais, mobilidade, eficiencia enerxética, transparencia na xestión, administración electrónica, creación de viais para bicicletas, etc., destacando que dentro delas se conta cunha inversión de preto de un millón de euros para a confección dun proxecto de aforro enerxético.

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa, previa identificación con DNI, que queira intervir.

Intervén o **Sr. Pedro Arcay Boquete (DNI 35389823E)** para agradecer que se tomara un acordo nesta sesión con respecto ao tema dos danos causados polos xabaríns e outros predadores, xa que veciños como el están agobiados polos ataques constantes ás súas plantacións e colleitas. A este respecto di que, dende fai máis de 15 anos, ven tramitando reclamacións á Xunta por eses ataques, a que esta se limita a enviar xente para facer fotografías dos danos causados pero nunca lle han

pagado ningunha indemnización. Tamén di que outro animal que causa moitos danos é o corvo, de feito o ano pasado lle produxo danos nun 30% nunha da súas fincas, e non pode facer nada contra eles. Polo que considera que hai que dicirlle á Xunta que non so faga efectivas as indemnizacións, senón que busque solucións para non deixar que esas especies depredadoras se propaguen e crezan tanto e, se a Xunta quere protexer a fauna, pois que tamén se faga cargo do seu mantemento e que non sexan os agricultores e gandeiros os que teñan que mantela á conta do seu traballo, cultivos e animais domésticos.

O **Sr. Alcalde** agradece a súa participación transmitindo o seu apoio e dicindo que coincide coa súa exposición e preocupación neste tema, sendo moi necesario tomar medidas. Recorda a intervención do voceiro do BNG cando dicía que se debería de tomar medidas para tratar de conceniar os intereses da protección da fauna cos intereses do gandeiros, entendendo que é un equilibrio complicado, lembrando diferentes estratexias adoptadas para solucionar este problema, como, por exemplo, as batidas con cans de arrastro sen escopeta, tamén, con posterioridade, as batidas directas, etc. Así mesmo di que é consciente de que as indemnizacións tardan e pagarse e ademais non cubren a perda real, ademais de que os labregos non queren indemnizacións senón que o queren é recoller a súas colleitas e por iso necesitan unha pronta solución a eses problemas que causan os xabaríns ou o lobo. Ante o anterior sabe que hai moito que facer para que a administración se sensibilice cada vez máis con esta problemática da Galicia rural. Finalmente traslada a súa preocupación e compromiso de seguir traballando nesa liña de buscar solucións a esta problemática tan importante.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas cincoenta e cinco minutos.

A Estrada, 6 de outubro de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Arttime Alonso